



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la pasarela en las marismas del río Baxoi en Miño.**

A comienzos de 2025, la Demarcación de Costas de A Coruña presentó a la opinión pública el proyecto denominado «RECUPERACIÓN DO BORDE LITORAL DA MARISMA DO RIO BAXOI. TREMA PONTE DO PUZO (FERROCARRIL)-PONTE DA PRAIA GRANDE DE MIÑO (DP- 4803) NO CONCELLO DE MIÑO», que prevé la construcción de un sendero de más de 1000 metros por el borde litoral de las marismas, siendo la propia Demarcación de Costas, según el Concello de Miño, la que asuma el coste íntegro de la inversión

El documento presentado no menciona el cumplimiento de cuanto se dispone en la legislación ambiental vigente, Ley 42/2007, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad y Ley 5/2019, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad de Galicia, ni parece tener en cuenta que se está tramitando para este espacio la declaración como ENIL (Espacio Natural de Interés Local), además de estar incluido asimismo en las propuestas de ampliación de la Red Natura tanto en 2008 como en 2012 de la Xunta de Galicia y tampoco parece considerar que recientemente fue declarado como ZEPA e integrado en el Corredor Migratorio Occidental Gallego-Cantábrico.

El proyecto plantea que la nueva senda reduciría los tiempos de desplazamiento y mejoraría la movilidad en la zona, sin valorar que ya existen caminos municipales que conectan el puente Puzo con el puente Praia Grande en menos distancia.

Por último, la existencia de otro proyecto presentado por el Concello de Miño que termina en las inmediaciones del Puente de Puzo da que pensar que existe una tramitación fragmentada para una misma senda/pasarela.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Es consciente el Gobierno del Estado del alto valor medioambiental de las marismas del Baxoi?
2. ¿Están de acuerdo en que es necesario proteger y conservar este entorno antes de realizar cualquier tipo de intervención permanente?
3. ¿En la tramitación de este proyecto, se cumplirá con toda la legislación medioambiental vigente y se garantizará la conservación del espacio natural de las marismas del Baxoi?
4. ¿Cuál es la finalidad de la actuación? ¿El Ministerio ha tenido en cuenta que existen vías alternativas que conectan el Puente Puzo y el Puente Praia Grande?
5. ¿Cuáles son las razones que llevan a considerar esta acción como necesaria?
6. ¿El Gobierno del Estado valora emprender medidas de conservación y recuperación de este espacio sin ningún tipo de camino o senda que pueda incrementar la huella humana en un ecosistema tan sensible?
7. ¿Qué relación hay entre la senda peatonal que prevé acometer el Gobierno y la formulada por el Concello de Miño?
8. ¿Son varios tramos del mismo camino? ¿No están ustedes de acuerdo en que, de ser así, sería necesaria una evaluación ambiental conjunta?

Madrid, a 5 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 MAY. 2025 18:47:16

Entrada **67272**

Sobre a senda proxectada nas marismas do Baxoi no Concello
de Miño

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á pasarela nas marismas do Baxoi en Miño.**

A comezos do ano 2025, a Demarcación de Costas da Coruña expoñía ao público o proxecto denominado “RECUPERACIÓN DO BORDE LITORAL DA MARISMA DO RIO BAXOI. TREMA PONTE DO PUZO (FERROCARRIL)- PONTE DA PRAIA GRANDE DE MIÑO (DP- 4803) NO CONCELLO DE MIÑO”, que prevé a construción dunha senda de máis de 1000 metros polo borde costeiro das * marismas e que, segundo o Concello de Miño, será a propia Demarcación de Costas quen asuma o custo do íntegro do investimento.

O documento presentado non facía mención ao cumprimento do previsto da lexislación ambiental vixente a Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade ou a Lei 5/2019, de Patrimonio Natural e biodiversidade de Galiza, nin tampouco parece ter en conta que este espazo está en tramitación para a declaración como ENIL (Espazo Natural da Interese Local), ademais de estar tamén incluído nas propostas de ampliación da Rede Natura tanto de 2008 como de 2012 da Xunta de Galiza e que, recentemente, declarada como ZEPA e integrada no Corredor Migratorio Galaico-Cantábrico Occidental.

O proxecto afirma que a nova senda viría a recortar tempos de desprazamento e mellorar a mobilidade da contorna, sen valorar que xa hai camiños municipais que conectan a ponte do Puzo coa ponte da Praia Grande en menos distancia.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

05 MAY. 2025 18:47:16

Entrada **67272**



Por último, a existencia doutro proxecto presentado polo Concello de Miño que remata nas inmediacións da Ponte do Puzo, fai pensar que existe unha tramitación fragmentada para unha mesma senda/pasarela.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Coñece o Goberno do Estado o alto valor medioambiental da marismas do Baxoi?
2. Comparte que é preciso protexer e conservar este medio antes de facer calquera tipo de intervención de carácter permanente?
3. Na tramitación deste proxecto, atenderá á totalidade da lexislación ambiental vixente e asegurará conservación do espazo natural das marismas do Baxoi?
4. Cal é a finalidade da actuación? Tivo en conta o Ministerio que existen xa alternativas viarias que conectan a Ponte do Puzo e a Ponte Praia Grande?
5. Cales son as razóns que levan a considerar como necesaria esta actuación?
6. Valora o Goberno do Estado acometer medidas de conservación e recuperación deste espazo sen ningún tipo de camiño ou senda que poida aumentar a pegada humana nun ecosistema tan sensíbel?
7. Cal é a relación entre a senda peonil que proxecta acometer o Goberno e a formulada por parte do Concello de Miño?



8. Son varios tramos da mesma senda? Non comparte que, de ser así, sería preciso unha avaliación ambiental conxunta?

Madrid, a 5 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso